

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que recibíuse neste Servicio un escrito de D. Juan José Álvarez Pérez, en calidade de presidente da Comunidade de Rexosende con data 21 de setembro de 1997, solicitando a transformación do consorcio en convenio do monte Comunal de Soutocobo na parte correspondente a dita comunidade.

2º.- Que se acompaña o primer escrito certificación do secretario da Comunidade, que se adxunta de que en reunión extraordinaria, de data 7 de setembro de 1997 se tomou o acordo de solicitar a transformación do actual consorcio en convenio coa Xunta de Galicia.

3º.- Que o día 17 de novembro de 1976, o Xurado Provincial de M.V.M.C. tomou o acordo de clasificar como tal o monte "Comunal de Rexosende" do termo municipal de Villardeviós, non téndose presentado reclamación ninguna contra dito acordo, publicado no B.O. da Provincia, tomando o carácter de firme.

4º.- Que o monte "Comunal de Rexosende" forma parte do monte consorciado no ano 1953, có nome "Comunal de Soutocobo" OR-2064.

5º.- Que a superficie total consorciada do monte "Comunal de Soutocobo" OR-2064 é de 686,30 Has. das que pertencen á Comunidade de Rexosende 161,70 Has.

6º.- Que o estado de contas do monte "Comunal de Soutocobo" OR-2064 é o seguinte:

ESTADO DE CONTAS DO MONTE "COMUNAL DE SOUTOCOBO" OR-2064

ATA O 17 DE NOVENBRO DE 1976

-GASTOS

Gastos totais do consorcio: 1.660.116.-Ptas.

Corresponden o monte clasificado para Rexosende

-Traballos: $1660.116 \times 161,70 / 686,30$ 391.142.-Ptas.

-Gardería: 595Ptas./Ha. x 161,70 Ha. 96.211.-Ptas.

- Administración: 7,85% s/391.142.-Ptas. 30.705.-Ptas.

TOTAL GASTOS..... 518.058.-Ptas.

-INGRESOS

Ingresos totais do consorcio: 1.344.-Ptas.

Corresponden o monte clasificado para Rexosende:

-Aproveitamentos maderables:

$1344 \times 161,70 \text{ Ha.} / 686,30 \text{ Ha.}$ 317.-Ptas.

-Condoación débeda lei 13/1989..... 517.741.-Ptas.

TOTAL INGRESOS..... 518.058.-Ptas.

Resulta un saldo no monte na data de clasificación de CERO Pesetas.

DENDE O 17 DE NOVENBRO DE 1976 O 31 DE DECEMBRO DE 1997

- GASTOS:

Gastos totais do consorcio: 35.276.273.-Ptas.

Corresponden o monte clasificado para

Rexosende:

-Traballos:	35.276.273ptas. x 161,70Ha./686Ha.	8.315.121.-Ptas.
-Gardería:	1.070 ptas./Ha.x161,70Ha.	173.019.-Ptas.
-Administración:	7,85%/8.315.121.-Ptas.	<u>652.737.-Ptas.</u>
TOTAL GASTOS.....		9.140.877.-Ptas.

-INGRESOS:

Ingresos totais do consorcio: 5.315.624.-Ptas

Corresponden o monte clasificado para Rexo-

sende 5.315.624x161,70 Ha./686 Ha. 1.252.968.-Ptas.

O SALDO DA CONTA DO MONTE "COMUNAL DE SOUTOCOBO" OR-2064 NA PARTE CORRESPONDENTES OS VECIÑOS DE REXOSENDE.

$G - I = 9.140.877.- \text{ ptas.} - 1.252.968.-\text{ptas.} = 7.887.909.-$
Ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA:

Á vista de todo isto, propónse a V.E.:

1º.- Que se aprobe o convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: "Comunal de Rexosende".

Elenco: 32155131.

Superficie: 161,7 Ha.

Pertenza: Veciños de Rexosende

Termo municipal: Villardevos.

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%.

Participación da comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial do convenio: 7.887.909.-ptas. a favor da Xunta de Galicia.

2º.- Que no sucesivo o consorcio "Comunal de Soutocobo" (OR-2064) teña as seguintes características:

Nome: "COMUNAL DE SOUTOCOBO".

Elenco: OR-2064

Superficie: 524,30 Has.

Pertenza: Varios.

Termo municipal: Villardevos.

A restar da conta de gastos: 8.706.263.-Ptas.

A restar da conta de ingresos: 1.253.285.-Ptas.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 1997

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.

Vº. Bº.

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de transformación parcial do consorcio OR-2064 do monte "Comunal de Soutocobo" nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Comunidade de veciños propietaria do Monte Vecial en Man Común "COMUNAL DE REXOSENDE", integrado por 161 Has. procedentes do citado Comunal de Soutocobo e sito no termo municipal de Vilardevos, e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes de Ourense, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 1997.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,



Asdo.: M^a José Tato Rocha.

A circular blue stamp of the Xunta de Galicia, with the text 'XUNTA DE GALICIA' at the top, 'DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE' around the perimeter, and a coat of arms in the center.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xúrida e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

R E S O L V O

1º.- Aprobar o convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: "Comunal de Rexosende".

Elenco: 32155131

Superficie: 161,7 Has.

Pertenza: Veciños de Rexosende

Termo municipal: Villardevos.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial do convenio: 7.887.909.-Pts. a favor da Xunta de Galicia.

2º.- Que no sucesivo o consorcio "Comunal de Soutocobo" (OR-2064) teña as seguintes características:

Nome: "COMUNAL DE SOUTOCOBO".

Elenco: OR-2064

Superficie: 524,30 Hás.

Pertenza. Varios.

Termo municipal: Villardevos.

A restar da conta de gastos. 8.706.263.-Ptas.
A restar da conta de ingresos: 1.253.285.-Ptas.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 1997.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)



C O N V E N I O

N.º	321	55131
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. Antonio Luis Rosón Pérez, por delegación do, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. Juan José Álvarez Pérez, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común de Rexosende, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do ano 1953 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a os veciños de Rexoseende

e son os que a continuación se describen:

Denominación: Comunal de Rexosende

Termo municipal: Villardevos

Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal: Monte veciñal en man común pertencentes ós veciños de
Rexosende

Límites:

N.: Monte de Lamasdeite

S.: Término de Terroso

L.: Monte de Soutochao

O.: Término y monte de Soutocovo

Superficie: 161,70 Has

Estado forestal: Repoblación forestal de Pinus Pinaster, Pinus Sylvestris

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: veciños de Rexosende

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:
OR-2064 (161,70 Has)

Sen vexetación arbórea: -

Servidumes: Algunha de paso

3ª.— O chan continuará pertencendo a os veciños de Rexosende

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincuenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincuenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: OR-2064

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o - por cento, e a comunidade propietaria, o - por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de cuarenta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será Pinus Pinaster
Pinus Sylvestris e outras especies que se considere óptima para os montes.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JOSE MANUEL BALTAR BLANCO -----, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "DE REJOSENDE", a favor dos veciños de Rejosende, no concello de VILARDEVÓS. -----

2.— Que, así mesmo, figura Don JUAN JOSE ÀLVAREZ PÉREZ ----, e Don MARÍA ASUNCIÓN MORAIS MORAIS -----, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, ~~de~~ dende o 18 de maio 1997 ata o 18 maio de 2001. -----

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense a dezaseis de outubro a ____ de _____ de 199 ⁷.



Don a M^a Asunción Morais Morais -----, Secretario de la Junta de Montes de Rexosende -----

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día sete de setembro de 1997 estando designado Don Juan José Álvarez Pérez representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Rexosende a oito de Outubro de mil novecientos noventa e sete.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE

Asdo.: Juan José Álvarez Pérez

Asdo.: M^a Asunción Morais Morais

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS -----, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO P/D
O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez (O. do 13/12/93)



Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

"Que con data 18/11/97 se dictó polo Excmo. Sr. Conselleiro, a proposta deste Servicio a seguinte Resolución:

1º.- Aprobación do Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "Comunal de Rexosende".

Elenco: 32155131

Superficie: 161,70 Hás.

Pertenza: Veciños de Rexosende

Termo municipal: Vilardevós.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial do Convenio: 7.887.909.-Ptas. a favor da Xunta de Galicia.

2º.- Que no sucesivo o consorcio "Comunal de Soutocobo" OR-2024 teña as seguintes características:

Nome: "Comunal de Soutocobo".

Elenco: OR-2064.

Superficie: 524,30 Has.

Pertenza: Varios.

Termo municipal: Vilardevós.

A restar da conta dos gastos: 8.706.263.-Ptas.

A restar da conta de ingresos: 1.253.285.-Ptas.

Efectuada a revisión do convenio e consorcio a que afecta a mencionada Resolución, se detectaron erros na aplicación das cantidades económicas imputables o convenio, por todo elo se propoñe a modificación da resolución do 18/11/97, que afecta o convenio nº 32155131 nos termos que se propón na memoria de transformación a convenio adxunta, e rectificando ademáis a superficie do "Comunal de Soutocobo" en 524,60 Hás."

Por si estima conveniente a súa aprobación adxunto nova solicitude do convenio e memoria informativa do monte "Comunal de Soutocobo" dos veciños de Rexosende, do termo municipal de Vilardevós.

En relación con elo informe a V.E. o seguinte:

1º.- Que se recibíó neste Servicio un escrito de D. Juan José Alvarez Pérez, en calidade de presidente da Comunidade de Rexosende con data 21 de setembro de 1997, solicitando a transformación do consorcio a convenio do monte Comunal de Soutocobo na parte de dita comunidade.

2º.- Que se acompaña o primeiro escrito certificación da Comunidade, que se adxunta de que en reunión extraordinaria, de data 7 de setembro de 1997 se tomou o acordo de solicitar a transformación do actual consorcio en convenio coa Xunta de Galicia.

3º.- Que o día 17 de novembro de 1976, o Xurado Provincial de M.V.M.C. tomou o acordo de clasificar como tal o monte "Comunal de Rexosende", do termo municipal de Vilardevós, non téndose presentado reclamación ningunha contra dito acordo, publicado no B.O. da Provincia, tomando o carácter de firme.

4°.- Que o monte "Comunal de Rexosende" forma parte do monte consorciado no ano 1953, c6 nome "Comunal de Soutocobo" OR-2064.

5°.- Que a superficie total consorciada do monte "comunal de Soutocobo" OR-2064 6 de 686.30 Has. das que pertencen 6 Comunidade de Rexosende 161,70 Has.

6°.- Que o estado de contas do monte "Comunal de Soutocobo" OR-2064 6 o seguinte:

ESTADO DE CONTAS DO MONTE "COMUNAL DE SOUTOCOBO" OR-2064 NA PARTE CORRESPONDENTE OS VECI6OS DE REXOSENDE.

1.- ATA O 17 DE NOVEMBRO DE 1976

-GASTOS

Gastos totais do consorcio: 1.500.930.-Ptas.
Corresponden o monte clasificado
para Rexosende

-Traballos:1.500.930x161,70/686,30	353.636.-Ptas.
-Gardería: 595 Ptas./Ha. x 161,70 Ha. ..	96.211,-Ptas.
-Administración: 7,85% s/353.636.-Ptas..	<u>27.760.-Ptas.</u>
<u>TOTAL GASTOS.....</u>	<u>477.607.-Ptas.</u>

-INGRESOS

Ingresos totais do consorcio: 1.344.-Ptas.
Corresponden o monte clasificado
para Rexosende:

-Aproveitamentos maderables:	
1344ptas.x 161,70 Ha/686,30 Ha.	317.-Ptas.
-Condonación débeda lei 13/89	<u>477.290.-Ptas.</u>
<u>TOTAL INGRESOS....</u>	<u>477.607.-Ptas.</u>

Resulta un saldo no monte na data da clasificación
CERO pesetas.

2°.-DENDE O 17 DE NOVEMBRO DE 1976 O 31 DE DECEMBRO DE 1993

-GASTOS:

Gastos totais do consorcio: 26.145.957.-Ptas.

Corresponden o monte clasificado
para Rexosende:

-Traballos: 26.145.957ptas.x161,70Há./	
686,30Ha.	6.160.281.-Ptas.
-Gardería: 840ptas./Ha.x161,70 Ha....	135.828.-Ptas.
-Administración: 7,85%/6.160.281Ptas.	<u>483.582.-Ptas.</u>
TOTAL GASTOS.....	6.779.691.-Ptas.

-INGRESOS:

Ingresos totais do Consorcio: 5.167.767.-Ptas.

Corresponden o monte clasificado para
Rexosende

5.167.767x161,70 Há./686,30 Ha. 1.217.584.-Ptas.

RESULTA UN SALDO NO MONTE COMUNAL DE SOUTOCOBO (OR-2064) NA
PARTE CLASIFICADA PARA OS VECIÑOS DE RESOSENDE NO PERIODO
1976-1993 DE:

$G - I = 6.779.691.-Ptas. - 1.217.584.-Ptas. = 5.562.107.-Ptas.$
A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

3°.- DENDE O 1-1-94 O 31-12-97

- GASTOS:

<u>ANO</u>	<u>INVERSIÓN</u>	<u>FINANCIADO U.E.</u>	<u>INVERSIÓN COMPUTABLE</u>
1994	1.379.114.-Ptas. (72,5%)	999.858Pts.	379.256.-Ptas.
1995	5.849.572.-Ptas. (72,5%)	4.240.940Pts.	1.608.632.-Ptas.
1996	791.842.-Ptas. (72,5%)	574.085Pts.	217.757.-Ptas.
1997	10.097.551.-Ptas. (80%)	8.078.041Pts.	2.019.510.-Ptas.
TOTAL	18.118.079 Ptas.	13.892.924Pts.	4.225.155.-Ptas.

Corresponde ós veciños de Rexosende:

-Traballos: 4.225.155.-Pts.x161,70Ha./686,30Ha.= 995.494.-Pts.
 -Gardería: 170pts./Ha.x161,70Ha. = 27.489.-Pts.
 -Administración: 7.85% s/995.494 Ptas. = 78.146.-Pts.
 TOTAL GASTOS..... 1.101.129.-Pts.

- INGRESOS:

Ingresos totais do consorcio: 147.857.-Pts.

Corresponden ós veciños de Rexosende:

-aproveitamentos maderables:
 147.857 ptas. x 161,70 Ha./686,3 Ha. = 34.837.-Ptas.

RESULTA UN SALDO NO MONTE COMUNAL DE SOUTOCOBO (OR-2064) NA PARTE CLASIFICADA A FAVOR DOS VECIÑOS DE REXOSENDE NO PERÍODO DE 1994-1997 DE:

G - I = 1.101.129.-Ptas. - 34.837.-Ptas. = 1.066.292.-Ptas.
 A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

4º.- QUE O SALDO DA CONTA DO MONTE "COMUNAL DE SOUTOCOBO" OR-2064, NA PARTE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE REXOSENDE.

ANO 1953 - 1976	=	0.-Ptas.
ANO 1976 - 1993	=	5.562.107.-Ptas.
ANO 1993 - 1997	=	<u>1.066.292.-Ptas.</u>
T O T A L		6.628.399.-Ptas.

Á vista de todo esto, propoñemos a V.E.:

1.- Que se aprobe o convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: "COMUNAL DE REXOSENDE".
Elenco: 32155131.
Superficie: 161,7 Ha.
Pertenza: Veciños de Rexosende.
Termo municipal: Vilardevos.
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 50%.
Xuro/anticipo: 1%.
Participación da Comunidade no voo creado: 70%.
Participación da Consellería no voo creado: 30%.

SALDO INICIAL DO CONVENIO: 6.628.399.-Ptas. a favor da XUNTA DE GALICIA.

2°.- Que no sucesivo o consorcio "Comunal de Soutocobo" (OR-2064) teña as seguintes características:

Nome: "Comunal de Sotutocobo".
Elenco: OR-2064
Superficie: 524,60 Hás.
Pertenza: Varios.
Termo municipal: Vilardevos.

A restar da conta de gastos: 7.509.411.-Ptas.

A restar da conta de ingresos: 1.252.738.-Ptas.

Non obstante V.E. resolverá,

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 1998,

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Plácido Baamonde

Asdo.: Plácido Baamonde López.

Vº. Bº.



O DIRECTOR XERAL,

Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.-

Visto o informe proposta da Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, así como a proposta formulada pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, en relación ca rectificación da Resolución do Excmo. Sr. Conselleiro do 18 de novembro de 1997, relativa o Convenio do monte "Comunal de Rexosende" e do Consorcio "Comunal de Soutocobo" (OR-2064) esta Sección Xurídica considera que o amparo do establecido no artigo 105.2 da lei 30/92 do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, procede a modificación nos termos propostos.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 1998.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,



Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL. -

Vista o proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e visto o informe - Memoria emitido pola Xefatura do Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense, e o informe da Sección Xurídica, e de conformidade co establecido no artigo 105.2 da lei 30/92 do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

R E S O L V O

Rectifica-la Resolución de Excmo. Sr. Conselleiro do 18 de novembro de 1997 nos termos que seguidamente se especifican:

1º.- Aprobación do Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "Comunal de Rexosende".

Elenco: 32155131.

Superficie: 161,70 Hás.

Pertenza: Veciños de Rexosende.

Termo municipal: Vilardevos.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/ sobre anticipo: 1%

Participación da Comunidade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial do Convenio: **6.628.399 ptas. a favor da Xunta de Galicia.** Dato modificado.

2º.- Que no sucesivo o Consorcio "Comunal de Soutocobo" (OR-2064) teña as seguintes características:

Nome: Comunal de Soutocobo.

Elenco: OR-2064

Superficie: **524,60 Has.** Dato modificado.

Pertenza: Varios.

Termo municipal: Vilardevos.

A restar da conta de gastos: **7.509.411 ptas.** Dato modificado.

A restar da conta de ingresos: **1.252.738 ptas.** Dato modificado.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 1998.

O CONSELLEIRO,

P/O 12/01/98

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: José Luis Aboal Garcia-Tuñon.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-